-Levar a cabo e desenvolver as actividades STEAM propostas dentro do PDI Portofaro en Xogo

- Avanzar na posta en marcha da radio escolar

-Participar en proxectos como: Polos Creativos, Navega con rumbo, Plan Director, Digicraft, Inspira Steam…

-

SEGUIMENTO

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan será o de reunións mensuais do equipo do plan dixital do centro, analizando o grao de consecución dos obxectivos indicados no Plan de acción a partir dos indicadores nel incluídos.

Trimestralmente na CCP correspondente farase a avaliación do proceso de cada trimestre incluíndo o estado da execución das accións propostas, a valoración dos resultados parciais e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

**Insistirase na propagación da información, establecendo un mecanismo de comunicación e información actualizada para que todo o profesorado colabore e sexa coñecedor das actuacións a levar a cabo.**

# 12. PLAN ANUAL DE BIBLIOTECA

**Membros equipo biblioteca:**
Maria Barallobre Barreiro(coordinadora)
Belén López Bra (1º ciclo)

Rocio Morado Rois(infantil)
Estefanía San Juan Marcos (3ºciclo)
Marta Maceira Muíño (inglés)
Sandra Pardo Souto (2º ciclo)
Sandra García Rodríguez( relixión)
Sandra Riopedre Fernández ( infantil)

## 1. INTRODUCIÓN

O Plan Anual é o programa de accións que se levarán a cabo de xeito periódico ou puntual no noso centro para o desenvolvemento do Proxecto Lector e encamiñado a mellorar as competencias clave do alumnado en todas as áreas do currículo.

Este Plan forma parte da Programación Xeral Anual e intégrarase nas Programacións didácticas de aula.

Durante este curso o Proxecto Documental Integrado "Portofaro en xogo", *será o eixo común e interdisciplinar dos diferentes niveis* educativos do centro, utilizando a biblioteca como centro de recursos, planificación de tarefas, organización de actividades,etc.A biblioteca participará activamente no resto de proxectos do centro.

A adquisición de estratexias de busca, selección, valoración, uso e produción de información en diferentes soportes e formatos, así como o fomento do hábito lector, e o espertar do gusto pola lectura, son imprescindibles para a adquisición das competencias clave, especialmente a competencia en comunicación lingüística, o tratamento da información e competencia dixital, a competencia cultural e artística e aprender a aprender.

## 1. NORMAS DE USO E DESFRUTE

-Cada mestre-a ten un límite de 30 documentos e 30 días como máximo para cada un. É fundamental que os libros que non se lles de uso na aula, devólvanse á biblioteca para que outros poidan facer uso dos mesmos.

-Cada aula e especialidade ten un carnet no que debe meter os libros de narrativa correspondentes  a súa biblioteca de aula.

-Cada alumno/a disporá dun máximo de 3 libros durante 15 días dende o momento do préstamo.

-Soamente poderán realizar dito préstamo os alumnos/as que entreguen o compromiso escrito por parte das familias, de que en caso de perdida ou deterioro dun libro deberán mercar un novo exemplar. Fomentamos dende o colexio, os hábitos de coidado de materiais, neste caso, os libros da biblioteca. Inculcamos tamén o respecto e coidado das instalacións.

-É obrigatorio que todos os exemplares de libros que salgan da biblioteca queden rexistrados no programa Meiga.

- A biblioteca permanecerá aberta durante os recreos de primaria cun calendario de visitas por niveis e vixiado por un membro do equipo de biblioteca . Durante este tempo poderanse usar os xogos, ler e realizar consultas, préstamos e devolucións.

-O alumnado de 6º voluntario , actuarán como axudantes nos recreos e en diferentes momentos da xornada escolar. Realizan actividades de orden, resolución de dúbidas dos usuarios, búsqueda de exemplares.. e calquera función que poida xurdir.

-O equipo de biblioteca ofrécese aos titores/as especialistas para que nos pidan unha caixa con libros da temática que están a traballar nese momento ( espacio, prehistoria..) Dita caixa quedará rexistrada no Meiga no carnet do mestre en cuestión.

-Cada aula disporá de 1 sesións/semanais para traballar no espazo da BE.

-Na entrada da biblioteca temos un moble de exposición onde faremos recomendación por temáticas que estemos a traballar no centro (as árbores, o día da paz, o magosto...)

-No interior temos un expositor onde presentamos as novidades que imos incorporando a nosa biblioteca.

## 2. OBXECTIVOS

►De xestión e organización do espazo:

-Utilizar a biblioteca como centro de recursos centralizado da información e participación activa no desenvolvemento do proxecto lector da comunidade educativa.

-Crear unha biblioteca con espazos atractivos e cómodos que dean pé a sentirse cómodo mentras len, cun mobiliario axeitado para iso e realizar o arranxo de desperfectos.

►De formación de usuarios:

-Seguir coa formación de mestres-as no uso da biblioteca e fomentar o préstamo nos seus alumnos-as.

-Seguir formando parte do voluntariado de bibliotecas escolares por parte dos alumnos-as de 6º do noso centro co fin de fomentar hábitos como compañerismo, traballo en equipo, coidado do centro escolar... Así como a formación de todos os alumnos-as no uso correcto da biblioteca.

-Formar ao alumnado no manexo da información, favorecendo o acceso a diversas fontes de documentación.

- Inculcar a importancia e o valor dos xogos de mesa para favorecer competencias básicas no alumnado.

►De fomento de lectura:

-Servir de recurso a mestres-as e alumnado achegando material e realizando recomendacións de diferentes temáticas.

- Contribuír na mellorar da capacidade lectora.

- Guiar e dotar aos usuarios-as de fondos atractivos que aumenten o seu gusto por ler.

-Propoñer actividades para realizar coordinadamente cos demais equipos do centro, conmemoracións como Samáin, Entroido, Nadal, Letras galegas...

- Realizar actividades de fomento da lectura como contacontos, visitas de autores-as,ilustradores-as...

►De atención a diversidade:

-Conseguir aumentar o interese do alumnado polos libros, en especial dos que menos posibilidade de acceso á lectura teñan.

-Orientar ao alumnado na elección de lecturas adaptadas as súas capacidades.

-Dotar a biblioteca con libros con valores de respecto e igualdade de tódalas persoas.

►De colaboración con familias e recursos externos.

- Achegar pautas para fomentar a lectura na casa.

- Coordinarse cos servicios externos como concello, bibliotecas, ANPA …

-Utilizar instagram, classdojo e web do centro como escaparate das actividades realizadas.

## 3. PLAN DE LECTURA.

**A-ACTIVIDADES PROGRAMADAS**

1º AVALIACIÓN:

-Realización do programa anual da biblioteca e remodelación do plan lector tendo en conta as novidades deste ano.

-Preparación de listados e bases de datos actualizada dos alumnos-as e mestres-as do curso, eliminando baixas e dando de alta novas incoporacións.

-creación de horarios de asistencia e visita de aulas e recreos.

-creación de díptico informativo ás familias para recordar e informar do uso da biblioteca.

-continuar a catalogación de libros que quedaron sen catalogar e seguir catalogando novas adquisicións.

-Seguir ca catalogación correcta de exemplares que estaban mal catalogados.

-Revisión de fondos e plan para adquisición de novos materiais tendo en conta as suxerencias de toda a comunidade educativa, a través de enquisas, buzón de suxerencias…)

-Preparación de portátiles e ordenadores.

-Creación de caixa de libros para bibliotecas de aula.

-Creación de exposición e suxerencias de libros cas temáticas das conmemoracións deste 1º trimestre. (outono, 8M, Samaín, magosto, día da discapacidade, Nadal…)

-Realización de guía de lecturas e xogos para Nadal.

-Realización de contacontos polos membros da biblioteca.

-Realización de actividades co cubo de Rubik e xadrez que fomenten este tipo de xogos non soamente no centro educativo, senón nas súas casas para ampliar os seus xogos e rebaixar a exposición dos nenos-as ás pantallas.

-Organización de visitas de autores.

-Elaboración de cartas ao Apalpador por parte de cada titoría para que á volta de Nadal, cada curso teña un libro dos que suxeriron.

-Participación nos PFPP do centro incluíndo á biblioteca como linea específica.

-Celebración do día das bibliotecas.

-Presentación para formar parte en Radio na biblio, Biblioteca creativa e clubs de lectura e a súa posterior posta en marcha.

-Presentamos solicitude para entrar a formar parte de Radio na biblio, Bibliotecas creativas e Clubs de lectura.

-Creación de sección de biblioteca na sala de mestres-as para fomentar o seu préstamo.

2º e 3º AVALIACIÓN:

-Continuación de actividades de formación de usuarios-as.

-catalogación de novos fondos.

-Visitas de escritores-as e ilustradores-as, María Canosa e outros que van ir xurdindo.

-Organización de charlas relacionadas con 1º auxilios, habitos saudables, perigos de internet… e temas que poidan xurdir ao longo do curso.

-Bibliopatio: crear un carro con contos para que os rapaces-as, poidan disfrutar da lectura no aire libre.

-Seguir fomentando os xogos de mesa e incorporando novos.

-Colaboración na organización do Entroido.

-Organización de actividades que fomenten o hábito lector e que impliquen as familias, como creación de contos , dramatizacións.. coa axuda dos pais-nais.

-Colaboración de actividades para o día da muller.

-Realización de apadriñamentos lectores dos alumnos-as máis maiores aos pequenos.

-Organización de actividades para o día do libro, día da poesía e semana do xornal.

-Avaliación da consecución dos obxectivos marcados.

-Elaboración de guía de recomendacións de lectura para verán.

Destacar que a elección de actividades irase decidindo ao longo do curso, tendo en conta factores internos e externos do centro. Basearémonos moito no tema xeral do centro que será "Portofaro en xogo".

B-ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL

Como xa reflicte o apartado 1 deste documento, cada aula terá 1 sesión semanal para asistir á biblioteca así como horario de recreo para o uso da mesma.

Realizaremos outras actividades usando diversos espacios do centro como aula sensorial, xardín, bosque...

Destacar que durante este curso escolar, integramos a "hora de ler" nas diferentes sesións escolares, seno de 12:00 a 12:20 en primaria. Neste tempo o titor ou especialistas, decidirán que tipo de actividade realizan en relación ca lectura. Dende a biblioteca apoiamos esta idea debido a que consideramos que será máis favorable para o avance e promoción da lectura nos nosos alumnos/as.

## 4. RECURSOS PERSOAIS E MATERIAS

Como **recursos persoais** podemos mencionar:

-O ***alumnado***, principal axente que executa e recibe o acto lector e protagonista de todas as propostas. Os/as que, como contacontos e/ou dramatizando textos, achegan os libros aos demais compañeiros e compañeiras. Os alumnos e alumnas voluntarios que conforman o equipo de colaboradores da BE en actividades de organización de recursos, orde e colocación de coleccións,etc.

-As ***familias***, que teñen un importante papel na motivación, no desenvolvemento e na consolidación de hábitos lectores e que de forma progresiva se van incorporando e animando a colaborar nas actividades de lectura.

-O ***profesorado*** e os diferentes equipos que proporcionan as estratexias necesarias para a adquisición das competencias lingüísticas, para aprender a aprender, motivación para a lectura e a escritura e propostas de actividades varias. Ademais colabora e participa como axente dinamizador do PDI anual e das diferentes propostas que se fan ao longo do curso.

-O traballo coordinado de todos os equipos do Centro: *Equipo de Biblioteca, Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística, Equipo TIC, Equipo de Convivencia, Equipo de actividades Extraescolares;* así como as coordinadoras dos diferentes Plans e Proxectos que se levan a cabo no centro.

## 5.DINAMIZACIÓN DA BE.

A biblioteca dinamizarase a partir de todas as actividades aportadas anteriormente, ademais cabe destacar:

Formación de usuarios.

Tal e como apuntamos nos apartados anteriores, centrarémonos nos primeiros meses en formar os usuarios-as da biblioteca, non podemos pretender un bo uso da biblioteca sen previamente ter formado a toda a comunidade educativa. Destacamos as seguintes actividades como prioritarias:

-Formar e crear novo equipo de axudantes de alumnos-as voluntarios de 6º de primaria.

-Formar a mestres-as novos e que así o necesiten, no uso do Meiga e nas normas de utilización

da biblioteca.

-Asistencia do equipo da biblioteca a cursos de formación co fin de avanzar en diferentes enfoques que se lle pode dar á biblioteca.

- Formación de usuarios-as no uso de portátiles e tablets para búsqueda de información.

- Realización de díptico para mestres- as e alumnado ca información da CDU que explicaran os axudante de biblioteca.

O equipo de biblioteca propón actividades adaptadas a cada curso co fin de que os alumnos-as comprendan o modo de organización e funcionamento da biblioteca, co fin de sacar o maior

rendemento dela. Ditas actividades centraranse en:

-Aprender as partes dun libro ; portada, lombo, contraportada… título, ilustradores, autores, ano de publicación, editorial… con charlas e posteriormente realización de xogos para buscar libros a través de pistas dadas.

-Aprender os diferentes tipos de libros que temos na biblioteca: de información,narrativa, cómic, poesía, teatro… aproveitando para ensinar a colocación dos mesmos na nosa biblioteca.

-Ensinar aos cursos de primaria a extraer a información dos diferentes libros, mediante infografías, mapas conceptuais, resumos… elaborando actividades que impliquen esta búsqueda de información.

-Dotar aos alumnos de 5º das credenciais de ELBE e recordar os de 6º.

Implicación das familias

-Queremos que o e-mail da biblioteca sirva como “buzón” para as familias a través do cal poidan facer suxerencias, recomendacións, dúbidas...

-Deseñaremos sesións de contacontos para que as familias veñan a contar contos á escola, cantigas, lendas....

-Implicaremos ás familias nas actividades levadas a cabo dende a biblioteca escolar como concursos de diferentes temáticas.

-Buscaremos a coordinación coa ANPA para a proposta e realización de tarefas de dinamización e animación á lectura con actividades de contacontos, visitas a bibliotecas, actividades de

información para as nais e pais sobre hábitos de lectura, libros recomendados, importancia das emocións...

Difusión dos recursos dispoñibles na biblioteca.

Non queremos que a biblioteca quede pechada no espazo físico prevista para ela, senón que esté presente por todo o colexio, así pois, para a difusión dos recursos faremos accións como:

-taboleiros informativos polo colexio para difundir actividades.

-guías con recomendacións e novidades.

-exposición no exterior das novidades.

-actualización dos medios electrónicos utilizados (web, abalar, blogue, redes sociais...) para difundir actividades e guías.

-uso do correo específico da biblioteca para comunicación con toda a comunidade educativa.

-Actualizar o blogue da biblioteca https://bibliotecaportofaro.wixsite.com/biblioteca-ceip-port

-preparar caixas de libros específicas para cada aula que así o demande.

## 6.SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Sobre a organización e funcionamento:

-Comprobación de se teñen información suficiente comprobando tanto a información en sí, como as canles de difusión.

-Verificación se o acceso aos libros é doado.

-grao de comprensión do sistema de colocación dos recursos.

-grao de coñecemento e gusto das novas adquisicións.

Sobre a propia elección:

-nivel de entusiasmo ante as novas incorporacións.

-satisfacción respecto o cumprimento e propostas de compras realizadas.

Sobre o préstamo e lectura:

-nivel de afluencia dos lectores-as.

- número ou porcentaxe de alumnado que utiliza o préstamo de maneira voluntaria.

Sobre aspectos de dinamización e animación.

-grao de satisfacción e implicación de alumnos-as e mestres-as en actividades propostas.

-grao de implicación e coordinación das familias, mestres-as, recursos externos...

●Instrumentos utilizados : enquisas a toda a comunidade educativa, rúbicas, observación directa, recollida de datos, notas do buzón de suxerencias, etc.

As conclusións obtidas reflectiranse na memoria final de curso.

Este programa será obxecto dunha avaliación continua ao longo de todo o curso, introducindo as modificacións que se consideren necesarios para acadar un desenvolvemento positivo do mesmo.

# 13. PLAN DO EQUIPO DE CONVIVENCIA

CONSTITUCIÓN DO EQUIPO

Durante o presente curso 25-26, constitúese o Equipo de Convivencia, ao abeiro da orde 17 de maio de 2007, o día 8 de setembro de 2025. Estará integrado polos seguintes membros:

Juan Carlos Díaz Peña (Mestre de E.F)

Pilar Corujo Rodríguez (Mestra especialista en PT)

José Antonio López Somoza (Mestre especialista en AL)

Carmen V .Pedrido Rey (Orientadora)

Estefanía San Juan Marcos (Mestra E. Primaria e dinamizadora de equipo)

Carmen Areas Toba (Coordinadora de Benestar) (De baixa no momento de constitución)

Alejandro Pedreira (Mestre de música) (substituto da mestra Carmen Areas)

María Insua Sar (Mestra de E. Primaria) (substituta de Emilia Pedreiro)

OBXECTIVOS XERAIS.

- Establecer unha boa convivencia no centro entre todos os axentes implicados.

- Ofrecer suxestións e facilitar recursos ao profesorado en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia en xeral no centro.
- Realización de actividades que promovan a integración de todo o alumnado sen ter en conta as súas características.
- Detección e actuación ante casos nos que fora necesario abrir protocolos de diversa índole relacionados coa convivencia escolar.

ACTIVIDADES A DESENVOLVER.

- Creación dun grupo de alumnos de 6º de Educación Primaria encargado de mediar na resolución dos posibles conflitos que xurdan na aula ou no patio de recreo e velar pola convivencia, inclusión e participación activa dos nenos/as no seu tempo de lecer. A

intervención da mediación realizarase no tempo de recreo. Para realizar estas funcións os grupos de voluntarios reuniranse periodicamente coa orientadora e coordinadora de convivencia en decembro para formarse como mediadores. As actividades de mediación comezarán no segundo trimestre do curso.

- Sesión nas distintas titorías dun círculo de diálogo co obxetivo de crear un ambiente de discusión, confianza e compañerismo con actividades enfocadas a cada idade, temporalizadas no primeiro trimestre para así reforzar os grupos desde principios de curso.
- Deseño e selección de frases motivadoras e positivas que posteriormente serán impresas en vinilo para colocar nos aseos infantiles dos corredores dos dous pisos co fin de establecer un ambiente integrador e respetuoso.
- Charlas e obradoiros dirixidos ao alumnado de tercer ciclo de temática en redes e puberdade involucrándonos en distintas iniciativas como o Plan Director, o programa educativo Navega con Rumbo, o plan Quérote máis…
- Charlas e obradoiros dirixidos ao alumnado de segundo ciclo sobre videoxogos, uso e advertir dos seus perigos.
- Elaboración de enquisas para valorar o grao de convivencia que existe na actualidade no centro e detectar posibles casos que requiran de protocolos relacionados coa boa convivencia como acoso, identidade de xénero…
- Realización dun mural conmemorativo a partir de actividades realizadas o curso pasado nun xogo colaborativo no que os nenos utilizaban a súa creatividade para realizar diferentes composicións abstractas a partir de trazos básicos.
- Incorporación de carteis de espazos en modo pictograma co obxetivo de integrar ao alumnado tea.

Este plan de convivencia será obxeto dunha avaliación continua ao longo de todo o curso, reunindo aos seus membros de forma periódica e introducindo as modificacións que se consideren necesarias para acadar un desenvolvemento positivo do mesmo.

CONCRECIÓN DO PLAN DE BENESTAR

O Plan de Benestar nace ao abeiro da Orde de 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia. O seu principal obxectivo consiste en proporcionar ao centro educativo novas estratexias que contribúan a que as

nosas contornas educativas sexan espazos máis seguros e, tendo en conta as especificidades, dar resposta ás necesidades emocionais e psicolóxicas de toda a comunidade educativa.
Indicadores de logro: 1 (non iniciado), 2 (iniciado), 3 (en proceso) e 4 (acadado).

# 14. PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

## INTRODUCIÓN

O presente curso 2025-26 continuaremos coa participación no Plan Proxecta a través da elaboración dun PDC baseado no programa XOGADE. Continuamos avanzando na organización e participación en diferentes probas deportivas e creando novas dinámicas que favorezan o desenvolemento motor do alumnado, así como un mellor aproveitamento do tempo de lecer no contexto educativo.

Seguiremos centrando a participación nas probas escolares de atletismo e complementando con xornadas de práctica deportiva intercentros e preparación, promoción e dinamización dos recreos activos.

A implicación de clubes e asociacións deportivas da contorna no colexio seguirá sendo unha prioridade, tentando manter a colaboración con aquelas que xa colaboraron en cursos anteriores e ampliando a outras, de se lo caso.

Este ano desenvolverase un novo proxecto de centro basado no xogo "PORTOFARO EN XOGO" no que participaremos aportando e colaborando na organización das diferentes actividades que se desenvolvan.

## OBXECTIVOS

Entre algúns dos obxectivos plantexados, reseñamos:

Loitar contra a inactividade física e o sedentarismo, creando hábitos que perduren fóra do centro escolar e ao longo de toda a vida, dende a infancia ata a vida adulta.

Dinamizar a actividade deportiva dentro do centro educativo.

Dar a coñecer os clubes e actividades deportivas existentes na contorna do centro educativo.

Utilizar a actividade deportiva como actividade de ocio e boa utilización do tempo libre.

Coñecer diferentes entornos naturais e a posibilidade da práctica deportiva nos mesmos.

Relacionarnos con outros centros educativos utilizando como me dio a actividade deportiva.

## PLAN DE ACCIÓN

No presente curso 2025-26 continuaremos a actividade deportiva  participando no programa deportivo XOGADE, como se facía anteriormente, comezando pola actividade de campo a través e de ser posible coa participación de atletismo en pista.

Facilitaremos a organización, en colaboración coa ANPA do colexio da actividade extraescolar de atletismo.

Adaptaremos os contidos da área de Educación Física e a temporalización ás diferentes probas nas que se participe

Facilitaremos a participación dos diferentes clubes da contorna para que accedan ao colexio e poidan fomentar os seus deportes no horario lectivo de Educación Física.

Acudiremos ás probas locais, comarcais e provinciais de campo a través dependendo da clasificación do alumnado para as mesmas. Do mesmo xeito tentaremos participar nas diferentes probas de atletismo en pista a través da actividade extraescolar de atletismo, organizada no centro educativo.

Organizaremos algunha saída a final de curso para dar a coñer diferentes deportes e os entornos naturais nos que se desenvolven.

Colaboraremos na organización doutras pre¿cticas deportivas propostas polos centros educativos do Concello(actividades intercentros).

Colaboraremos no proxecto de centro "PORTOFARO EN XOGO".

# AVALIACIÓN

Avaliaremos a grado de satisfacción do alumnado na participación das diferentes probas deportivas, independendentemente da clasificación ou non para as diferentes probas, fomentando a participación independentemente dos resultados acadados.

Do mesmo xeito teremos en conta ao alumnado participante na actividade extraescolar de atletismo facilitando a súa participación e incrementando o número de alumnado inscrito durante o curso.

Valoraremos o grado de satisfación do alumnado coas diferentes modalidades deportivas promovidas no centro cos diferentes clubes deportivos.

# 15. INTERNACIONALIZACIÓN DO CENTRO

1. SECCIÓNS BILINGÜES:

A orde do 12 de maio de 2011 regula as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario. Establece que unha sección bilingüe é a organización do ensino dunha área ou materia non lingüística da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria ou bacharelato, ou dun módulo de formación profesional específica, que se cursa nun nivel por un grupo de alumnos ou alumnas dun xeito bilingüe, dentro do enfoque AICLE/CLIL na lingua cooficial que corresponda, segundo a normativa vixente, e nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea, que é impartida como área ou materia. A incorporación da lingua estranxeira na sección bilingüe acadará un mínimo dun 50 %.

No noso centro, a área escollida para traballar en lingua estranxeira é *Educación Plástica e Visual* e, neste curso 2025-26 continúan as seccións bilingües en 2º, 3º e 4º EP.

Coa participación no Programa de Seccións Bilingües preténdese o fomento da pluralidade lingüística e a multiculturalidade no centro educativo para favorecer a transferencia de coñecementos e competencias dunha lingua a outra.

As *docentes implicadas* nas seccións bilingües neste curso serán:

- Mª Concepción Cid Fernández, mestra titora de 3º A e que imparte as seccions bilingües en 3º A e 3º B.
- Mª Luisa Pita González, mestra de Lingua Estranxeira: Inglés en 1º, 2º, 3º e 4º EP e imparte a sección bilingüe de Ed. Plástica e Visual en 2º EP.
- Marta Maceira Muíños mestra de Lingua Estranxeira: Inglés en EI, 5º e 6º EP e imparte a sección bilingüe de Ed. Plástica e Visual en 4º A e 4º B.
- O auxiliar de conversa, que contaría con dezaseis horas de docencia semanais, que se repartirían, na medida do posible, entre todos os cursos de Primaria dando prioridade ás sesións de Educación Plástica e Visual. Permanecerá adscrito ao centro dende o 1 de outubro ata o 31 de maio.

1.1. OBXECTIVOS XERAIS DAS SECCIÓNS BIILINGÜES:

- Potenciar as destrezas orais do alumnado na Lingua Estranxeira, tanto na clase de Inglés como na de Educación Plástica e Visual.
- Contribuír ao desenvolvemento das competencias que indica o DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Participar nas actividades complementarias de centro, cando sexa posible, con algunha proposta elaborada e/ou presentada na lingua estranxeira.
- Incorporar a figura da persoa auxiliar de conversa como un apoio e recurso persoal para fomentar a escoita e a fala en lingua inglesa así como para contribuír ao enriquecemento cultural do alumnado e do centro.
- Tentar introducir a lingua estranxeira, pouco a pouco, nalgúns espazos do centro.
- Coordinarse cos diferentes equipos do centro para contribuir, empregando a lingua inglesa, nalgunha das diferentes propostas e actividades que se leven a cabo.
- Coordinarse cos mestres titores sempre que sexa posible para traballar en equipo e de xeito máis significativo para o alumnado.
- Descubrir algunhas festividades da cultura anglosaxona así como experimentar algunha das súas costumes.
- Descubrir artistas a través dos que conectar a Arte e o xogo, por ser este o tema central do PDI deste curso “Portofaro en xogo”. Por exemplo xogar coas formas como Hilma af Klimt, Sonia Delaunay, Kandinski, Hervé Tullet, …
- Elaborar, polo menos, un produto final en lingua inglesa relacionado co PDI de centro.
- Empregar material de refugallo sempre que sexa posible nas diferentes propostas levadas a cabo.
- Participar nas propostas e actividades de formación relacionadas co Bilingüismo levadas a cabo pola Consellería de Educación sempre que sexa posible, así como acudir á xornada de acollida para auxiliares de conversa a comezos de outubro.
- A finais de curso a persoa coordinadora realizará a avaliación do Proxecto e unha proposta de boas prácticas en colaboración coa persoa auxiliar de conversa.

### 1.2. AUXILIAR DE CONVERSA:

Neste curso imos contar con auxiliar de conversa. As funcións das persoa auxiliar de conversa están recollidas na Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa, e son as seguintes:

a) Posibilitar a práctica da conversa oral na lingua estranxeira obxecto de estudo do alumnado.

b) Achegar ao alumnado e o profesorado á cultura do país onde se fala a lingua estranxeira, mediante a presentación de temas de actualidade e actividades lúdicas.

c) Proporcionar un modelo de corrección fonética e gramatical na lingua estranxeira correspondente.

d) Colaborar co profesorado na elaboración de materiais didácticos.

e) Colaborar nas actividades e nos proxectos internacionais en que participe o centro de ser o caso.

f) Apoiar ao alumnado cos medios informáticos ou audiovisuais necesarios para a mellora da lingua oral.

g) Calquera outra relacionada coa lingua estranxeira obxecto de estudo, que lle sexa encomendada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Establécense os seguintes mecanismos de seguimento e avaliación en relación co auxiliar de conversa:

1º. Reparto entre os cursos para o mellor aproveitamento da figura do auxililar tendo tamén en consideración o horario que lle queda á persoa auxiliar para cumprir coas 16 horas semanais ata o 31 de maio.

2º. Reunións de coordinación entre a auxiliar e a persoa coordinadora.

3º. Planificación semanal das sesións dos diferentes curso gardando as propostas suxeridas e as levadas a cabo

4º. Feedback frecuente para acadar unha boa coordinación e aproveitamento das sesións co auxiliar así como e analizar o desenvolvemento das mesmas.

5º. Seguimento continuado co alumnado acerca do grao de satisfacción das sesións nas que a auxiliar participa.

6º. Enquisa trimestral ao profesorado das aulas nas que incide acerca do traballo realizado.

7º Enquisas á persoa auxiliar de conversa ao inicio (expectativas) e ao remate con auto avaliación da súa aprendizaxe/experiencia e valorando o aportado polo centro

1.3. AVALIACIÓN DO FUNCIONAMENTO DAS SECCIÓNS BILINGÜES:

A coordinadora do programa, coa participación do profesorado implicado no mesmo, elaborará unha memoria ao remate do curso escolar para a súa integración na memoria anual do centro.

Nesta memoria valorarase a evolución do alumnado na lingua estranxeira, a contribución do auxiliar de conversa, analizarase a organización do programa, as diferentes estratexias empregadas e incluiranse propostas de mellora.

## 2. PROXECTO ETWINNING:

Docentes:

- Mª Belén Vigo Tajes
- Mª José Vidal Dopazo
- Mª Luisa Mosquera Seijo
- Marta Maceira Muíños

TÍTULO: O XOGO. ESPAZO DE CONEXIÓNS / PLAY.CONNECTION SPACE.

INTRODUCCIÓN:

A nosa proposta parte do proxecto de centro para este curso 25-26 "Portofaro en xogo", baseado en descubrir o noso cole e a súa contorna a través do xogo. O xogo como elemento que nos axude a conectar cos demais, conectar co momento así como oportunidade de compartir e repensar a forma na que nos relacionamos e comunicamos. Conectar co que nos gusta, con compartir experiencias e tempos. O xogo no sentido máis amplo da palabra: xogos de crear, construír, xogos lingüísticos, de movemento, que inclúan cancións ou retahílas, xogos de agora, de antes…

Con este proxecto gustarianos coñecer nenas e nenas doutros lugares e descubrir a que xogan elas e eles no seu tempo libre,o xogo na súa cultura… descubrindo asi de primeira man que peso e que forma ten o xogo na vida doutras nenas e nenos noutros lugares de Europa.

É un proxecto para levar a cabo co alumnado de 5º de EP do noso centro.

OBXECTIVOS:

- Poñer en contacto ao alumnado da nosa escola con nenas e nenos doutra escola ou escolas e países.

- Empregar a escrita de xeito significativo para comunicarnos coas nenas e nenos do centro ou centros colaboradores.
- Traballar a oralidade a través da creación dos vídeos, video chamadas…
- Ter, polo menos, unha video chamada coas nenas e nenos do centro colaborador.
- Traballar, de xeito conxunto, nun proxecto cunha escola fóra do noso país.·
- Intercambiar e compartir gustos e cousas en común con estudiantes dun país diferente.
- Descubrir outras culturas e países.
- Empregar o inglés como lingua para comunicarnos.
- Ter a experiencia de traballar conxuntamente cunha escola doutro lugar e que as nenas e nenos da nosa escola sexan coñecedores doutras realidades, lugares e dos seus costumes e tradicións.
- Enriquecer a nosa mirada e coñecemento do mundo.
- Abrir o noso proxecto de centro ao exterior creando un produto final para o mesmo conxunto coa escola coa que colaboraremos.
- Descubrir e traballar coa plataforma eTwinning poñendo en práctica o aprendido en actividades formativas sobre o tema.
- Internacionalizar a nosa escola.
- Compartir a experiencia coa comunidade educativa.

DESENVOLVEMENTO, ORGANIZACIÓN, METODOLOXÍA

Aínda que o noso centro xa ten algunha experiencia hai anos, co alumnado e co profesorado participante este curso será a primeira vez que se fará un proxecto eTwining, polo que a intención é ir pouco a pouco.

A fase de motivación para o proxecto eTwinning co alumnado comezaría a finais do 1ª trimestre coa idea de que o alumnado se poña en contacto a partir do comezo do 2º trimestre.

Para esta actividade de motivación e presentación do proxecto, o alumnado de 5º EP do noso centro recibirá unhas pistas que os levarán a descubrir que imos colaborar nun proxecto con outra escola ou con outras escolas.

Empregaremos rutinas de pensamento (K-W-L: que sabemos’ que queremos saber? que aprendemos?) para facer chuvias de ideas e acordar os pasos a dar ao longo do proceso. Así mesmo, rexistraremos os pasos que imos dando para documentar o proceso no TwinSpace e manter así a comunicación e coordinación intercentros.

Entre as propostas a levar a cabo estarían:

- Vídeo en lingua estranxeira (inglés) presentándonos como grupo e falando da nosa escola.

- Intercambio de correspondencia (dixital ou física) individual entre alumnado das escolas participantes.
- Entrevista con preguntas sobre os xogos no seu centro (xogos de aula e de patio), xogos tradicionais da súa cultura, como se sinten cando xogan… Isto podería ser a través de videochamada, vídeo, mensaxe…
- Unha vez compilada a súa información, proceso de investigación, creación de textos e procura e/u elaboración de imaxes para ilustrar o que nos contaron.
- Elaboración dun producto final (nas tres linguas do centro: galego, castelán, inglés) que inclúa os nosos xogos e os descubertos a través do compartido coas escolas colaboradoras. Este produto final poderá ser en formato vídeo e/ou libro.

Propostas adicionais a levar a cabo se hai dispoñibilidade de tempo:

- Xogo baseado no traballo feito e no aprendido.
- Vídeo explicativo do proxecto.

AVALIACIÓN

A avaliación levarase a cabo ao inicio do proxecto, unha vez feita a actividade de motivación. Pedirase ao alumnado que rexistre as súas expectativas e escriba ideas de como queren que sexa o proceso.

Unha vez iniciado o proxecto, avalaiaranse as diferentes tarefas: o vídeo, o intercambio de comunicacións, a entrevista e a videochamada.

Unha vez elaborado o produto final, farase unha avaliación final colectiva de todo o proceso, recollendo na nosa táboa de grupo (K-W-L) o aprendido e analizando se quedou algo por saber, valorando a participación e implicación.

Así mesmo, o alumnado e os docentes implicados faremos unha valoración individual do proxecto na que se avaliarán aspectos como a motivación, como foi a participación e implicación por parte de todas as persoas participantes no proxecto, o resultado final, como foi a experiencia de traballar conxuntamente cunha escola doutro país,...

## 3. OBSERVA-ACCIÓN

Este curso como segundo ano de participación neste proxecto estamos na fase II ou fase internacional o que nos permitirá unha mobilidade para dúas persoas a Pistoia (Italia) do 17 ao 20 de novembro.

O programa Observa-acción ten como finalidade fomentar o desenvolvemento profesional nas competencias profesionais docentes para a cooperación e colaboración, a construcción

conxunta de coñecemento, a internacionalización das organizacións e o liderado e xestión de centros, a través do intercambio de boas prácticas e a observación entre iguais.

OBXECTIVOS:

Os obxectivos a acadar con este programa son os seguintes:

1. Fomentar a colaboración e o intercambio de experiencias docentes e de liderado e xestión, como vía formativa para o desenvolvemento e crecemento profesional, individual e colectivo.
2. Facilitar a observación directa de práctica de aula, metodoloxías, proxectos, organización de centro, enfoques didácticos, xeitos de relación e comunicación ou vías de xestión dos recursos, fomentando a adaptación e a transferencia e integración reflexiva e contextualizada de innovacións educativas na súa realidade docente, individual e colectiva.
3. Favorecer a apertura dos centros educativos, ofrecendo a posibilidade de levar a cabo proxectos con outras realidades educativas a nivel estatal ou internacional e o establecemento de alianzas de cooperación para a innovación e a mellora.

4. ERASMUS

Ademais de ter unha liña no PFPP no que se elaborará un proxecto para solicitar entrar no programa Erasmus para o vindeiro curso, este curso somos membro do consorcio Erasmus + co CFR de A Coruña, o que tamén permitirá participar nalgunha mobilidade que permitirá ir dando pasos para acadar unha internacionalización do noso centro.

# 16. PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

**PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

ÍNDICE

1.-INTRODUCIÓN

2.-COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

3.-OBXECTIVOS.

4.-PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

- 4.1.-Principios de actuación.
- 4.2-Accións prioritarias do Departamento de Orientación
  - 4.2.1.-Con relación aos alumnos.
  - 4.2.2.-Con relación aos profesores.
  - 4.2.3.-Con relación ás familias.
  - 4.2.4.-Outras actividades
- 4.3.-Temporalización e horario da Xefatura do D.O.
  - 4.3.1. Cronograma de actuacións.
  - 4.3.2. Horario.

5.-ESTRATEXIAS ORGANIZATIVAS E METODOLÓXICAS DE ATENCIÓN AO ANEAE.

6.-PROCESO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

7.-ANEXOS.

- 7.1.-PAT
- 7.2.- Plan de atención á diversidade

- INTRODUCIÓN

Para o presente curso 2025/20256 seguiranse as liñas trazadas nos cursos anteriores polo DO do CEIP Portofaro, coas modificacións que se consideren oportunas tendo en conta os resultados obtidos anteriormente e de conformidade co establecido no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 27/04/98) e na Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG, 31/07/98), en relación á organización e funcionamento do departamento de orientación.

- COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación como órgano de coordinación das accións orientadoras e titoriais que se levan a cabo no centro está composto por:

- ✔ Profesorado Especialista en Pedagoxía Terapéutica:
  - PT 1: Pilar Corujo Rodríguez
  - PT 2 (preferente): Lucía Vérez Vivero
- ✔ Profesorado Especialista en Audición e Linguaxe:
  - AL: José Antonio Somoza Quintero
- ✔ Representantes de mestres:

- ❖ Sandra García Rodríguez (Coordinadora de EI)
- ❖ Carmen Castro Vázquez(coordinadora do 1º ciclo)
- ❖ Pilar Corujo Rodríguez (coordinadora do 2º ciclo)
- ❖ Mª Luisa Mosquera Seijo (coordinadora do 3º ciclo)
- ❖ Xefa do Departamento: Carmen V. Pedrido Rey

Este Departamento está inscrito ao IES " Alfonso X O Sabio" Cambre.

- OBXECTIVOS

Partindo do obxectivo xeral de "*contribuír ao desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional do alumnado dende o comezo da súa escolaridade*", pódense definir obxectivos máis específicos:

**1** Impulsar a colaboración e a coordinación co IES ao que está adscrito o CEIP.

2 Deseñar accións para á prevención de problemas de desenvolvemento/aprendizaxe.

3 Avaliar ao alumnado que presente necesidades cando o solicite o profesorado, a familia ou ben cando a xefatura do DO así o considere.

4 Programar propostas educativas diversificadas en canto á organización, os procedementos, a metodoloxía e a avaliación adaptada ás necesidades persoais de cada alumno.

5 Impulsar campañas de concienciación sobre a diversidade e a inclusión no centro.

6 Facilitar á comunidade educativa os apoios e o asesoramento precisos para a integración do alumnado, dando especial relevancia aos períodos escolares e persoais de maior dificultade (conflitos interpersoais, cambio de etapa educativa...)

7 Participar na mellora da convivencia no centro.

8 Impulsar a acción titorial, colaborando na realización, seguimento, avaliación e revisión dos Plan de Acción Titorial, o Plan de Acollida e o Plan de Atención á Diversidade como instrumentos dunha educación de calidade.

9 Facilitar a integración no centro do posible alumnado procedente do estranxeiro así como a súa familia a través do Plan de Acollida.

10 Colaborar co profesorado no deseño e execución de MAD precisas.

11 Facilitar a colaboración e coordinación entre membros do DO e co resto do profesorado.

12 Facilitar a implicación das familias nas labores educativas do centro.

13 Favorecer a colaboración cos recursos externos.

14 Dinamizar e crear medidas que incidan na mellora da convivencia no centro e na promoción de condutas tolerantes.

15 Impulsar o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento.

16 Participar no seguimento do P.E. incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade e, cando sexa necesario, na adecuación dos criterios de promoción.

17 Colaborar cos profesores no tratamento dos temas transversais.

- <u>PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS.</u>

Para o presente curso 2025-2026 as accións prioritarias de actuación que se establecen dende o DO son as seguintes:

**4.1.-Principio de actuación:**

A planificación xeral de actividades do Departamento de Orientación irá encamiñada aos seguintes principios de actuación:

-Prevención: implica traballar para anticiparse a posibles dificultades, desenvolvendo unha actuación proactiva.

- Desenvolvemento: conseguir o máximo desenvolvemento de todas as potencialidades dos alumnos considerando ao individuo en continuo proceso de desarrollo persoal.
- Sensibilzación: toma de conciencia sobre a diversidade e a inclusión educativa.
- Universalidade: actuación dirixida a todos os alumnos e niveis.
- Cooperación: articular un traballo conxunto e coordinado de todos os axentes implicados.

**4.2.-Accións prioritarias do Departamento de Orientación.**

Para o presente curso 2025-2026, e tendo en conta a resolución do 17 de xuño de 2021 (DOG30/6/2021) na súa instrución quinta, as accións prioritarias de actuación que se establecen dende o DO son as seguintes:

4.2.1.- CO ALUMNADO:

- ✔ Levar a cabo a av. psicopedagóxica do alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- ✔ Levar á práctica un deseño dinámico de orientación con fins preventivos, compensadores e de desenvolvemento persoal.
- ✔ Potenciar a orientación educativa especialmente nos períodos críticos do alumnado.
- ✔ Organizar dende o Departamento de Orientación os apoios a alumnos con necesidades educativas e realizar un seguimento dos mesmos.

- ✔ Atención individualizada/grupal cando as circunstancias o requiran para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe.

- ✔ Deseñar e aplicar programas de intervención en habilidades sociais dirixidas ao alumnado.
- ✔ Establecer reunións periódicas cos Servizos Sociais do Concello e outros servizos externos cando sexa necesario sobre o seguimento dos distintos casos de alumnos.
- ✔ Colaborar na integración e inclusión do alumnado así como no seu desenvolvemento persoal e educativo.

- ✔ Fomentar a tolerancia e a mellora da convivencia.
- ✔ Promover actividades que favorezan a convivencia positiva e o respecto polas diferencias.

4.2.2.- CO PROFESORADO:

- Colaborar na realización ou actualización do Plan de Acción Titorial (PAT).
- Realización de reunións de seguimento por niveis para o alumnado atendido polo departamento. Y en momentos puntuais para as necesidades que poidan xurdir.
- Colaborar na integración e inclusión do alumnado así como no seu desenvolvemento persoal e educativo.
- Coordinar a actuación do profesorado titor, as mestras especialistas en pedagoxía terapéutica, as mestras especialistas en audición e linguaxe e as auxiliares coidadoras; de cara a dar resposta ás necesidades do alumnado.
- ✔ Facilitar material de apoio para o desenvolvemento persoal, académico e profesional de todos os alumnos.
- ✔ Apoio aos/ás titores/as para a realización da avaliación inicial do alumnado.
- ✔ Revisar xunto cos titores, os aspectos referentes ao acollemento de novo alumnado e atender ás súas diferenzas.
- ✔ Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas específicos de aprendizaxe para alumnado procedente do estranxeiro.
- ✔ Asesorar e colaborar no preciso, respecto ás medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade.
- ✔ Proporcionar información ao profesorado sobre programas de intervención que cubran as n.e.a.e.
- ✔ Seguimento e actualización dos documentos de A.C. dos alumnos/as con n.e.a.e. en colaboración co profesorado implicado.

4.2.3.- COAS FAMILIAS E A COMUNIDADE EDUCATIVA:

- Asesorar ás familias cando as circunstancias así o aconsellen nos aspectos educativos e académicos dos seus fillos.
- Implicar ás familias na educación dos seus fillos.
- Realizar entrevistas persoais cando sexa oportuno.
- Informar ás familias dos resultados acadados nas avaliacións psicopedagóxicas e das accións que se levarán a cabo.

- Fomentar a tolerancia e a mellora da convivencia.
- Favorecer a implicación das familias e a comunidade escolar nas dinámicas sociais e académicas promovidas polo centro.
- …

4.2.4.-OUTRAS ACTIVIDADES

- Cooperar cos membros do EOE no que se considere preciso.
- Establecer canles de comunicación con diferentes servizos, institucións e profesionais externos ao centro educativo no que a atención á diversidade se refire.
- Confección dos materiais do D.O. (follas de rexistro, solicitudes de avaliación psicopedagóxica, autorizacións de apoio, autorizacións de intervención do EOE...)
- Establecer criterios, a través de reunións no Departamento sobre: Solicitudes de avaliacións psicopedagóxicas, organización de reforzos educativos, organización de apoios…
- Participar na elaboración/revisión de documentos do centro relativo á atención a diversidade.
- Participación na elaboración de protocolos segundo as necesidades percibidas no propio centro
- Participar nas reunións co IES ó que está adscrito.
- Participar nas reunións que se establecen nos Servizos Sociais do Concello.
- …

**Temporalización e horario da xefatura do D.O.**

CRONOGRAMA DE ACTUACIÓNS.

| ACTUACIÓNS | | RESPONSABLES | DESTINATARIOS | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Revisión de todos os documentos do curso anterior relacionados co alumnado con NEAE (ACS, | Orientadora | Orientadora | Setembro |

| ACTUACIÓNS | | RESPONSABLES | DESTINATARIOS | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| | RE, informes, expedientes, etc.) | | | |
| 2 | Proposta de apoios e elaboración de horarios. | Orientadora, Mestres/as de PT e AL | Xefatura de estudos | Setembro-Outubro |
| 3 | Xestión das becas do alumnado con NEAE | Orientadora | Familias e alumnado con NEAE. | Con carácter xeral, no mes de setembro. |
| 4 | Revisión dos documentos relacionados coa atención a diversidade | Orientadora | Orientadora | Setembro-Outubro |
| 5 | Elaboración e aprobación do Plan Anual de Actividades do DO. | Orientadora | D.O. | Setembro-Outubro |
| 6 | Realización de avaliacións psicopedagóxicas e de seguimento, ditames e informes. | Orientadora | Demandantes, equipos docentes, alumnado e familias | Con carácter xeral, 1º e 2º trimestre. |
| 7 | Elaboración de programas de intervención específicos para o alumnado con | Mestras de PT e AL | Alumnado con NEAE. | 1º trimestre. |

| ACTUACIÓNS | | RESPONSABLES | DESTINATARIOS | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| | NEAE | | | |
| 8 | Plan de Mediación | Orientadora | Todo o alumnado | ✓ Formación:novem-bro e decembro.<br>✓ Desenvolvemento: 2º e 3ºtrimestre |
| 9 | Elaboración de informes de fin de curso do alumnado con intervención das especialistas de PT e/ou AL | Mestras de PT e AL | D..O | Ao rematar cada curso escolar. |
| 10 | Avaliación do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación. | Membros do D.O. | Membros do D.O. | Maio-Xuño |
| 11 | Elaboración dos informes do alumnado que remata etapa educativa e foi obxecto dalgunha avaliación psicopedagóxica. | Orientadora | DO propio e DO dos IES. | Xuño |
| 12 | Redacción da memoria do DO | Membros do DO | Comunidade educativa | Xuño |
| 13 | Reunións do DO | Departamento de Orientación | Membros do DO | Luns pola tarde |

| ACTUACIÓNS | | RESPONSABLES | DESTINATARIOS | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 14 | Asesoramento á Comunidade Educativa. | Membros do DO | Comunidade educativa | Todo o curso |
| 15 | Proposta de adquisición de material do DO. | Orientadora | Dirección | Todo o curso |
| 16 | Asesoramento xeral na acción titorial. | Membros do D.O. | Profesorado | Todo o curso |
| 17 | Asistencia a reunións da CCP, de ciclo, do DO e xuntas de avaliación. | Membros do D.O. | Membros do D.O. | Todo o curso |
| 18 | Derivación a pediatría / EOE / Servizos sociais | Orientadora | Servizos externos | Según necesidade |

4.3.2 HORARIO.

Xefa do Departamento de Orientación presenta o seguinte horario, onde terá que dar resposta a todas as coordinacións mencionadas neste apartado.

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:00 – 9:55 | | Atención a familias | Atención a familias | Atenciónа familias | Atenciónа familias |
| 9:55 - 10:50 | Atención a familias | Depart. Orientación | Depart. Orientación | Depart. Orientación | Depart. Orientación |
| 10:50 - 11:40 | Depart. Orientación | Depart. Orientación | Depart. Orientación | Depart. Orientación | Depart. Orientación |
| 11:40- 12:10 | Outras gardas | Outras gardas | Outras gardas | Outras gardas | Outras gardas |
| 12;10- 13:05 | Depart. Orientación | Depart. Orientación | Depart. Orientación | Depart. Orientación | Depart. Orientación |
| 13:05 - 14:00 | Depart. Orientación | Depart. Orientación | Depart. Orientación | Depart. Orientación | |
| 16:00 - 17:00 | Coordinación Docente | | | | |
| 17:00 - 18:00 | Atención a familias | | | | |
| 18:00- 19:00 | Xuntanzas | | | | |

➢ ESTRATEXIAS ORGANIZATIVAS E METODOLÓXICAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE.

Neste curso 2025-2026 e segundo a revisión das previsións de necesidades educativas especiais feita no mes de setembro, recibirán apoio educativo por parte dos/as mestres/a especialistas en Pedagoxía Terapéutica un total de 31 alumno/as e 37 alumno/as por parte do especialista de AL, hai que ter en conta que hai alumnado que recibe apoio de PT e AL. O número de alumnos/as pode variar segundo a evolución do alumnado e a identificación de novas dificultades que poidan xurdir ó longo do curso.

En canto a casuística dos alumnos/as con necesidades educativas especiais e necesidades específicas de apoio educativo, de forma xeral englobámolas nos seguintes grupos:

- Por presentar discapacidade, problemas de conducta e trastorno de déficit de atención cursando con hiperactividade ou impulsividade.
- Trastorno do espectro autista.(TEA)
- Trastorno do neurodesenvolvemento.

- Por vulnerabilidade socio-educativa.
- Trastornos de atención ou de aprendizaxe
- Por incorporación tardía ao sistema educativo, procedentes do estranxeiro con descoñecemento dunha ou das dúas linguas, con desfase curricular, dificultades de adaptación e/ou con dificultades económicas.
- Con dificultades na linguaxe.
- Por condicións persoais ou de historia persoal.

Para a atención a este alumnado, ademais dos mestres especialistas e titores, contamos cos seguintes profesionais dentro do Departamento de Orientación:

- 1 Orientadora
- 1 Especialistas en Pedagoxía Terapéutica. Definitiva.
- 1 Especialistas en Pedagoxía Terapéutica Preferente.
- 1 Especialista en Audición e Linguaxe. Definitivo.
- 2 PAC

Os principios de inclusión e normalización serán as liñas prioritarias a seguir na atención educativa que reciba o alumnado con NEAE.

Tendo en conta que o alumnado do centro é moi heteroxéneo, propóñense unha serie de estratexias metodolóxicas e organizativas de cara á atención ao alumnado con n.e.e.:

- Plan de Orientación Académica (POA). Programas de apoio ao proceso ensino-aprendizaxe a través de:
  - Estratexias de aprendizaxe.
  - Adquisición de hábitos de estudio.
  - Técnicas de traballo.
- ❖ Plan Xeral de Atención á Diversidade:
  - Reforzo Educativo na aula ordinaria por parte do mestre que imparte a materia.
  - Apoio do profesorado do centro con horario dispoñible.
  - Apoio das mestras de Pedagoxía Terapéutica e de Audición e Linguaxe.
  - Adaptación Curricular naquelas materias que o precisen, sempre e cando se cumpra cos requisitos establecidos na lexislación vixente.

  - Flexibilización do período de escolarización tanto de Educación Infantil coma de Educación Primaria.

- Diferentes tipos de agrupamentos na aula: gran grupo, pequeno grupo…
- Diferentes métodos de ensino: aprendizaxe: por descubrimento, ensino incidental, etc.
- Métodos de modificación de conduta: reforzo positivo, autoinstrucións, contrato condutual, economía de fichas, etc.
- …

As medidas de agrupamento puntuais do alumnado na aula de apoio non deben ser nunca definitivas nin permanentes na etapa, debendo manterse o tempo necesario. Con posterioridade poderase seguir co reforzo educativo.

O reforzo educativo tentará ser un elemento motivador compensatorio da capacidade e ritmo de desenvolvemento deste alumnado.

As adaptacións curriculares serán propostas para un curso escolar ou un ciclo. Renovaranse nos prazos indicados nas mesmas, sempre partindo do currículum de referencia e adaptándo a competencia curricular do alumnado.

Os alumnos/as con NEAE recibirán apoio dos profesores de Pedagoxía Terapéutica e Audición e linguaxe preferentemente na propia aula. Cando concorran circunstancias excepcionais poderase facer o apoio na aula específica co alumnado que o precise. A atención fóra da aula debe constar no informe psicopedagóxico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder da terceira parte dos períodos lectivos, agás que o alumnado estea escolarizado nunha modalidade diferente a ordinaria. Esta atención poderá desenvolverse, con caráter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de 5 alumnos/as de forma simultánea.

Da atención excepcional fóra da aula á que se refire o parágrafo anterior , exclúense as intervencións do professorado de AL que teñan que ver coa reeducación oral do alumnado. Neste caso as intervención só ocupará unha fracción do período lectivo.

Para novos casos que poidan xurdir, os titores/as poñerán en coñecemento do D.O. (seguindo o protocolo establecido pola Xefatura do D.O.), quen fará unha primeira avaliación e, de ser necesario, elaborará un programa de actuación.

- Plan de Acción Titorial (PAT):
  - Programas de prevención: Benestar emocional, Autoestima, temas transversais, educación en valores, habilidades sociais…
  - Programa de acollida (PA) .
  - Plan de preparación para a ESO (PPESO).

## PROCESO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

A avaliación do plan realizarase en todas as fases (ao inicio, durante e ao final) do seu desenvolvemento e por parte dos distintos axentes que participarán de forma directa ou indirecta.

Coa avaliación e seguimento preténdese coñecer en que medida os diferentes obxectivos deste Plan van sendo acadados e cales deben ser modificados de cara ao vindeiro curso escolar. Deste xeito, a finalidade é a optimización do Plan tras unha reflexión e análise e tendo en conta os seguintes criterios:

2. Grado de satisfacción e implicación do profesorado e familias.
3. Nivel e grado de coordinación acadado entre profesorado, familias e axentes externos.
4. Grado de utilidade do material elaborado: Adecuación das técnicas, instrumentos e materiais utilizados.
5. Nivel de cumprimento das actividades propostas.
6. Calidade da atención cara o alumno, utilidade dos programas, comunicación co profesorado...
7. Nivel de participación do alumnado nas actividades previstas.
8. Grado de implicación de tódolos responsables no desenvolvemento de programas ou medidas de atención á diversidade.
9. Grado de coordinación acadado nas coordinacións coas familias e axentes externos.
10. Idoneidade do PAT.

O Contraste desta información permitirá realizar os cambios necesarios na programación e organización deste departamento realizándose un informe ou memoria ao final que recollerá os seguintes aspectos:

- Modificacións introducidas no desenvolvemento de cada un dos plans de traballo.
- Valoración do grado de consecución dos obxectivos establecidos.
- Conclusións e propostas concretas de mellora

## ANEXOS

**7.1.-PAT.**

OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

| CO ALUMNO | CO GRUPO DE ALUMNOS | CO EQUIPO DE PROFESORES | COS PAIS | CO EQUIPO DIRECTIVO |
|---|---|---|---|---|
| -Facer un seguimento dos procesos de ensinanza-aprendizaxe para detectar dificultades e necesidades especiais<br><br>-Contribuír á individualización do proceso ensinanza-aprendizaxe.<br><br>-Fomentar a integración de cada alumno dentro do seu grupo. | -Favorecer o desenvolvemento de habilidades sociais.<br><br>-Potenciar o desenvolvemento integral do alumno mediante a aplicación de programas específicos.<br><br>-Favorecer a cohesión e integración grupal. | -Coordinar o axuste das programacións ao grupo de alumno/as, especialmente para o alumnado con NEAE.<br><br>-Coordinar o proceso avaliador do alumnado.<br><br>-Posibilitar liñas comúns de traballo. | -Contribuír ao establecemento de relacións fluídas que faciliten a conexión entre o centro e as familias.<br><br>-Informar e orientar en todos os aspectos que afecten á educación dos seus fillos. | -Favorecer a inclusión do PAT na CC.<br><br>-Colaborar para optimizar o rendemento académico e educativo.<br><br>-Fomentar a actividade do D.O. como axuda e soporte técnico á acción titorial. |

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

| OBXECTIVOS | ACTIVIDADES | RECURSOS | ÁMBITO | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 1.-Potenciar a relación familia-escola. | Reunións de pais. Entrevistas. | Titores/ mestres e familias. | - Familiar. | Semanal Horario de atención: luns de 16:00 a 17:00 h. |
| 2.-Colaborar nas actividades complementarias : magosto, Nadal... | -Xogos, concursos, festivais,... | Alumnos, mestres e materiais específicos. | Grupo escolar. | No momento das actividades. |
| 3.-Coñecer as características persoais familiares e escolares de cada alumno/a. | Estudio do Expte. Académico do alumno/a | Expedientes. | Titor/a. | Setembro- outubro. |
| 4.-Familiarizar ao | Presentarlle ao | Persoais e | Alumnado. | Setembro e sempre |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| alumnado co centro (en caso de novos alumnos) e co titor/a PLAN DE ACOLLIDA | resto dos mestres e o persoal do centro. Ensinarlle os espacios comúns. | dependencias do centro. | | que haxa un novo ingreso. |
| 5.-Observar de xeito progresivo e sistemático as diferentes condutas e rasgos. | Rexistro de datos. | Cuestionarios e follas de rexistro. | Alumnado | Ao longo do curso. |
| 6.-Informar trimestralmente aos pais, por escrito, sobre a evolución do ensino-aprendizaxe dos seus fillos/as. | Elaboración de boletíns de notas e de informes. | Convocatorias de reunións | Familiar e Equipo Educativo | Cada trimestre. |
| 7..-Realizar o Plan de Acollida en E.I. | Coñecemento dos alumnos en tempos reducidos. | Titores e alumnos. | Grupo de alumnos. | Setembro-outubro. |

**7.2.- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

- **INTRODUCIÓN.**
- **XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO**
- **IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES**
- **DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS**
- **DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**
- **DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.**
- **CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS, DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.**

- **MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.**
- **CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.**
- **PROTOCOLOS PARA LA SOLICITUD E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.**
- **-PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.**

**Existe tamén un plan de acollida para inmigrantes**

## 1 INTRODUCIÓN.

De conformidade co artigo 10 de Decreto 229/2011 do 7 de setembro, o Plan Xeral de Atención a Diversidade é o documento no que se articula a atención a diversidade a que se refire a disposición 62 da LOMLOE pola que se modifica o artigo 121.2 da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de educación. Neste plan concrétanse todas as medidas de atención a diversidade que un centro docente deseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

O plan xeral de atención a diversidade representa o deseño e organización dun centro docente,... para atender a totalidade do seu alumnado considerando os principios de equidade e inclusión.(Artigo 72.1Orde 8 de setembro de 2021)

### 1.1 CONCEPTO DE DIVERSIDADE.

A atención á diversidade é un dos principios fundamentais da educación.

Partindo de que cada individuo é único e que a sociedade evoluciona de forma moi rápida, é necesario contemplar a través dun plan esta variedade de alumnos para poder dar resposta ás súas características.

“Concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións, implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que contemplen a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos”.

**1.2 BASE LEXISLATIVA**

- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE) que modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de mayo, de educación.
- Lei orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.
- Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022 do 15 de setembro de 2022, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación.
- Orde 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o decreto 229/2011 do 7 de decembro.
- Lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Lei 5/2024 de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.Capítulo V. Sección 1ª. Medidas exraordinarias en materia de educación.

## 2 XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

O CEIP Portofaro está ubicado na parroquia do Temple do concello de Cambre. Esta parroquia experimentou, nos últimos anos,un notable aumento da poboación debido a súa proximidade a cidade Da Coruña o que supuxo un incremento notable da edificación e unha forte densidade nalgúns núcleos ou barrios como a urbanización de A Barcala e 0 Graxal. Neste momento a poboación está bastante estabilizada e nótase o incremento de poboación procedente do estranxeiro.

Os comportamentos ocupacionais dos habitantes do Temple responden a unha sociedade urbana. Predominan os traballos no sector secundario, de pouca cualificación profesional, e de servicios. Podemos sinalar, que en xeral, os alumnos/as proceden de familias cun nivel cultural medio/baixo.

Nos cursos 21-22 e 22-23, 23-24 e diminuíu a matrícula nos primeiros cursos da E.I. se ben aumentou a proporción de alumnado con NEE e alumnado procedente do estranxeiro, tanto de países de fala hispana como alumnado con descoñecemento das dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma. Este curso 25-26 aumentaron as solicitudes en 4º de EI polo que volvemos recuperar dúas unidades neste nivel educativo.

Con este Plan á Diversidade preténdese chegar a contemplar todas as necesidades do alumnado do noso centro, con moi diversas casuísticas, e optimizar os nosos recursos, tanto para a detección temperá do alumnado con NEE e ANEAE, como para a intervención pedagóxica que permita a estos alumnos acadar os obxectivos adaptados ao seu desenvolvemento.

## 3 IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES:

Ao remate de cada curso escolar faise unha previsión de alumnado que precisará apoio para o seguinte curso .

Unha vez feita a previsión, o profesorado informará ao departamento de orientación de novas solicitudes de avaliación psicopedagóxica para o vindeiro curso.

Unha vez iniciado o curso seguinte revísase dita relación e faise unha distribución deste alumnado entre os especialista de PT e AL para proceder posteriormente á realización dos horarios.

A relación de alumnado con necesidade de apoio educativo por parte do Departamento de Orientación está continuamente variando debido ás continuas altas e baixas (en función das demandas e da priorización de necesidades).

Durante todo o curso realízanse reunións de seguimento do departamento de orientación cos/as titores/as e demais especialistas. No primeiro trimestre e, en primer

lugar, cos/as titores/as de cursos impares de E.P. ou profesorado novo no centro para informar das diversas casuísticas nas que ten intervido o departamento. Posteriormente reunímonos cos/as titores/as de cursos pares e de E.I. para axustar as intervencións dos especialistas de PT e AL.

**4.- DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS:**

4.1.- Obxectivo xeral deste Plan é “ Conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible “

4.2.- Obxectivos específicos:

-Dar resposta adecuada e de calidade para acadar un mellor desenvolvemento persoal e social de cada alumno.

- Programar propostas educativas diversificadas en canto á organización, os procedementos, a metodoloxía e a avaliación adaptada ás necesidades persoais de cada alumno.
- Establecer cauces de colaboración entre os distintos profesores que traballan con este alumnado.

**5.- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Este plan vai dirixido en xeral a todo o alumnado para respectar os principios de individualidade, equidade e compensación das desigualdades en educación, e máis especificamente ao:

- ✓ Alumnado con necesidade específica de apoio educativo (artigo 72.1 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio)
- ✓ Alumnado con necesidades educativas especiais (artigo 73.1 da LOMLOE).
- ✓ Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural.

Para facer efectivo o principio de equidade deste alumnado no artigo 80.1 da LOMLOE reflíctese que:`...as Administracións públicas desenvolverán accións dirixidas hacia as persoas, grupos, entornos sociais e ámbitos territoriais que se atopen en situación de vulnerabilidade socioeducativa e cultural co o obxectivo de eliminar as barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, asegurando con elo as accións, os axustes razoables en función das súas necesidades individuais e prestando o apoio necesario para fomentar o seu máximo desenvolvemento educativo e social, de maneira que poidan acceder a unha educación inclusiva, en igualdade de condicións cos demás.´

- ✓ Alumnado con altas capacidades intelectuais.
- ✓ Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.
- ✓ Alumnado que presenta dificultades psicolingüisticas articulares.

Na disposición cincuenta da LOMLOE pola que se modifican os apartados 2, 3, 4 y 5 do artículo 74 da LOE, no seu punto 2 observa que :`A identificación e valoración das necesidades educativas de este alumnado se realizará, o xeito máis temperá posible, por profesionais especialistas e nos termos que determinen as Administracións Educativas.`Neste proceso serán preceptivamente oídos e informados os pais, nais ou titores legais do alumnado...´.

**5.1 MEDIDAS DE REPOSTA EDUCATIVA:** (Orde 8 de setembro de 2021 que desenvolve o do Decreto 229/2011)

**5.1.1.- Ordinarias**

- ✓ ***Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización da aula á características do alumnado.***

As medidas organizativas variarán en función do nº de profesores co que conte o centro e do tipo de necesidade educativa do alumnado. En todo momento trataremos de proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe dos alumnos pero sempre enfocada a facilitar ao titor unha intervención máis individualizada.

No que respecta aos criterios de organización dos horarios salientar que:

- ✓ Prestarase a mellor optimización posible ás necesidades educativas do centro
- ✓ Monetizarase ao máximo as capacidades do profesorado co que contamos.

Nos agrupamentos do alumnado dos cursos impares os criterios que afectan á atención a diversidade son:

- ✓ Equiparar o número de nenos/as.
- ✓ Distribuír ao alumnado AENAE e NEE.
- ✓ Favorecer a socialización e a convivencia tendo en conta a información das titoras/es anteriores.

No que respecta aos espazos, facilítase a utilización dos espazos comúns como a biblioteca e a aula de informática con asignación de horarios tanto en EI como en EP.

As aulas de EI e 1º ciclo da EP están situadas na planta baixa.

- ✓ **Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.**

Despois de realizada a avaliación inicial , o profesorado desenvolverá as programacións didácticas adaptándoas ao nivel de competencia curricular de cada alumno/a, facilitando as axudas que precise e creando espazos de participación para todos/as os alumnos/as.

- ✓ **Reforzo Educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria:**.

- Dirixido aos alumnos que poden seguir o proceso ordinario de aprendizaxe.

- Supón unha modificación de elementos non “prescrictivos” do curriculum como:

- Secuencias de contidos.

- Formas e instrumentos de avaliación.

- Organización da aula.

- .Agrupamento dos alumnos.

- Será elaborado polo profesor que imparta a materia ou área coa colaboración do titor.

- Pasos para a súa elaboración:

-Elabórao o profesor da materia previa información ao titor, que debe:

-Informar ao equipo directivo.

-Informar á familia.

- Deben terse en conta os obxectivos xerais de cada área ou materia.

-O desenvolvemento das medidas de reforzo deben levarse a cabo no contexto escolar ordinario.

- No seu desenvolvemento pódese contar co profesorado con dispoñibilidade horaria,que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula Unha vez realizados os horarios e previa solicitude por parte do profesorado titor, a xefatura de estudos en colaboración co D.O.asignará os apoios do profesorado con dispoñibilidade horaria.

- Rexistrarase no expediente académico. Informarase aos pais do seu desenvolvemento a través do boletín de notas, cun informe anexo.

- A duración do reforzo irá de acordo coas necesidades de apoio educativo do alumno.

- Ao final de cada curso, o profesorado coordinado pola persoa titora elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación do centro.

- A avaliación do programa de reforzo debe estar en función dos criterio de avaliación individualizada establecidos previamente no programa de reforzo. A efectos de promoción, basearase nos obxectivos de etapa contemplados na P.C.

- ✓ **Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permanezca un ano máis no mesmo curso.**

Os alumnos/as de E.P. que permanezcan un ano máis no mesmo curso seguen un plan específico de reforzo educativo para axudalo a superar as dificultades que o levaron a repetición. Será elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do titor, segundo modelo realizado polo departamento de orientación.

- ✓ **Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.**
- ✓ **Programas de enriquecemento curricular.**
- ✓ **Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.**
- ✓ **Aula de atención educativa e convivencia.**
- ✓ **Programa de habilidades e competencias sociais.**

O centro desenvolverá un programa de habilidades e competencias sociais para a totalidade do alumnado. As accións derivadas deste programa desenvolveranse en todas as áreas e terán consideración de elementos transversais do currículum.

Así mesmo e de conformidade coa Lei 4/2011, do 30 de xuño, o departamento elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente

**5.1.2.- Extraordinarias:**

- ✓ **Adaptacións curriculares.**

- Medida extraordinaria. Se elabora unha vez que se esgoten as medidas ordinarias e excepcionais.

- Dirixida aos alumnos con n..e.e. debidas a :
  - Razóns educativas.
  - Razóns sociais.
  - Razóns culturais.
  - Padecer calquera tipo de déficit.
  - Posuír calidades excepcionais (sobredotación).

- Supón modificación de elementos prescriptivos do currículum como:

- Obxectivos.

- Contidos.

- Criterios de avaliación.

- Elaborada polo profesor da materia ou área:

- Coa colaboración do departamento didáctico.

- Co asesoramento do responsable da orientación do centro.

- Outros profesionais que participan na atención do alumno (profesorado de PT e AL).

- Pasos previos á súa elaboración e aprobación:

- Reunión dos seguintes membros:

-Xefe de estudios.

-Titor e especialistas de área.

-Profesionais que participen na avaliación psicopedagóxica.

( Orientador@ e profesores de PT e AL.)

Acordarán se é preciso facer a A.C.S. e que elementos deben ser modificados.Informarán aos pais desta decisión.

- Na elaboración, segundo modelo do anexo II da orde 8 de setembro de 2021 teñen que figurar

- Datos persoais.
- Datos físicos e de saúde.
- Datos psicosociais.
- Datos do contorno sociofamiliar.
- Datos do contorno escolar.
- Datos pedagóxicos.
- Acreditación da información á familia
- Persoas profesionais participantes.
- Proposta concreta das áreas ou materiaa adaptadas ( currículo adaptado)

Unha vez feita, ten que ser autorizada pola inspección.

- Para a súa elaboración deben terse en conta os obxectivos xerais do ciclo que aparecen na programación

- Rexistrarase no expediente académico. Informarase aos pais do seu desenvolvemento a través do boletín de notas.

- A duración dunha A.C.S. pode ser dun ciclo completo (dous cursos) ou dun curso, sendo este o último curso do ciclo.

- A avaliación dunha A.C.S. debe estar en función dos criterios de avaliación individualizada establecidos previamente na A.C.S. A efectos de promoción, basearase nos obxectivos xerais de etapa do P.C.

- A A.C.S. revisarase periodicamente, polo menos unha vez ao remate de cada curso.

✓ **Agrupamentos Flexibles.** Son agrupamentos temporais de alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias, nas que necesita uha atención máis individualizada. Só poderán realizarse nos dous derradeiro cursos da E.P.

A proposta de conformación dun agrupamento flexible realizarase de acordo ao artigo 56 da orde 8 de setembro de 2021.

A súa autorización compete ao Servizo Territorial de Inspección educativa.

✓ ***Apoio do profesorado especialista en P.T/ A.L***

A intervención deste profesorado débese entender como un recurso dirixido especialmente a atención educativa do alumnado con NEE, sen prexuízo de que, excepcionalmente atenda a outro alumnado con NEAE. Dentro das funcións deste profesorado, entre outras, está elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, en colaboración co profesor titor e segundo o asesoramento do departamento de orientación e elaborar un informe individual de cada alumno/a ao que presta apoio , coordinado pola xefatura do departamento e segundo modelo facilitado polo departamento de orientación

- ✓ **Flexibilización da duración do período de escolarización .**O procedemento para se acoller a flexibilización do período de escolarización realizarase de acordo ao artigo 58 da orde 8 de setembro de 2021.
- ✓ **Atención educativa ao alumnado que , por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.**
- ✓ **Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.**

O alumnado procedente do estranxeiro terá consideración de alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

Despois de realizada a avaliación inicial se é o caso complementarase coa avaliación psicopedagóxica. Se o alumno presenta un desfase curricular de máis de dous cursos , poderase escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade previa comunicación ao Servizo Territorial de Inspección Educativa.

**5.2 PROGRAMAS.**

Todos os programas que se desenvolven no centro teñen a intención de ser elementos vertebradores da inclusión, a igualdade, a colaboración e a calidade.

Os programas a desenvolver neste curso son:

- Edixgal   Consellería
- Proxecto de vida activa e deportiva (PVAD)  Consellería
- Proxecto Elisa (USC)
- Voz Natura (Fundación Fdez Latorre + propio)
- Polos creativos.   Consellería
- Digicraft   Consellería + Vodafone
- Proxecto PORTOFARO EN XOGO (Propio)
- Plan dixital  Consellería + propio.
-Proxecto `LÓVA´
- Plan de mediadores (propio).

**6.- DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.**

1º Alumnado con NEE asociadas a déficits ( orgánicos, sensoriais, motóricos , trastornos xeneralizados do desenrolo, deficiencia mental ...)
2º Alumnado con problemas de conducta, atención e concentración (TDAH).
3º Alumnado de incorporación tardía no sistema educativo español.
4º Alumnado con retraso escolar asociado a causas diversas ( persoais, familiares, sociais...)
5º Alumnado con diagnóstico de altas capacidades.

**④`A atención directa por parte do profesorado especialista de PT e AL realizarase, con carácter xeral dentro da aula ordinaria. Fóra da aula rerá caracter expcional e deberá constar no informe psicopedagóxico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder da terceira parte dos periodos lectivos semanais.......e poderá desenvolverse ..... en pequeno grupo, cun máximo de 5 alunos/as como máximo.**

**Da atención excepcional fóra da aula á que se refire o apartado anterio,exclúense as intervencións de AL que teñan que ver coa reeducación da linguaxe oral do alumnado.....´(Artigo 57 da orde 8 de setembro de 2021**

**④A prioridade nos apoios  dependerá da gravidade do caso, independentemente da súa idade.**

**④Ás necesidades graves de logopedia diagnosticadas por un especialista   se lle dará resposta  no momento da súa detección.**

**④O alumnado de E.I que presenten dislalias será atendido, de ser posible, comezando por 6º de E.I e durante o último trimestre deste nivel.**

## 7.-CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

Orde 8 de sembro de 2021. Artigo 4.

Os principios de actuación que contribúen a facer realidade os principios xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, son os que seguen:

❖ **Por parte dos servizos de orientación educativa e profesional:**

a O asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as medidas de atención á diversidade, en xeral, e sobre as destinadas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular.

b A atención das demandas de intervención, mantendo o rigor e a discrecionalidade debidos.

Unha vez que o titor/a ou outro especialista detectan a necesidade de axudar ao alumno deberá poñelo en coñecemento do Departamento de Orientación e se procederá desta forma:

1.- Solicitude de intervención, por parte do profesor, ao Director.
2.- O Director pasará copia da solicitude ao Departamento.
3.- Ficha de observación do profesor.
4.-Recollida de información a través dunha entrevista familiar.
5.- Actividades de reforzo (A realizar polo profesor).
6.- Aplicación de probas específicas ( polo Departamento de Orientación) , se o reforzo é insuficiente. (Deberá informarse á familia desta situación)
7.- Informe (Orientadora).
8.- Comunicación dos resultados ao titor e as familias.

c A información a todas as persoas afectadas dos resultados das súas intervencións,así como das accións que, de ser o caso, figuren no informe psicopedagóxico.

d A promoción da participación das familias no proceso de avaliación psicopedagóxica.

e A coordinación coas persoas profesionais que participen na atención ao alumnado.

❖ **Por parte do profesorado titor:**

- A organización da avaliación inicial do alumnado e a participación nas propostas que realice a xefatura do departamento de orientación en relación coas medidas e cos recursos necesarios para atender a diversidade do alumnado da súa titoría.
- A coordinación dos procesos de ensino e de aprendizaxe do alumnado da súa titoría e a promoción da súa participación nas actividades da aula e do centro docente.
- O intercambio, tanto co resto do equipo docente como coas nais, cos pais ou coas persoas titoras legais, de toda a información que afecte os procesos de ensino e de apren dizaxe.
- A solicitude da intervención da xefatura do departamento de orientación no caso de alumnado en que se detecten dificultades de aprendizaxe ou situacións que requiran unha valoración especializada, colaborando no proceso de avaliación psicopedagóxica e na aplicación das medidas que se propoñan e dos informes que se requiran.

❖ **Por parte do profesorado de área:**

a A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

b A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, e informar o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.

c A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.

d A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

❖ Por parte dos equipos directivos dos centros docentes:

- A consideración da atención á diversidade en toda a estrutura organizativa e curricu lar do centro, asegurando o seu tratamento no proxecto educativo e nos plans, proxectos ou programas que o conforman. Igualmente, garantirase a promoción dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa desa diversidade.
- A distribución e a organización equitativa dos recursos, adaptando a estrutura organizativa do centro docente aos principios de flexibilidade e de atención ás necesidades individuais do alumnado.
- A información precisa a toda a comunidade educativa dos proxectos, plans, programas, medidas, recursos e servizos con que conte o centro docente.

- A promoción da convivencia, a coordinación, a participación e o traballo en equipo, así como da formación e innovación do profesorado en estratexias de atención á diversidade e na mellora continua da calidade educativa, do éxito escolar do alumnado e do seu desenvolvemento profesional.
- A realización do seguimento e da avaliación dos proxectos, plans e programas, así como, de ser o caso, das propostas de mellora que correspondan.

❖ **Por parte do Persoal Auxiliar Coidador (PAC)**

